



En aplicación do previsto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade relativo ó ***Proxecto de Decreto polo que se regula o pago de recursos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia a través de entidades de crédito colaboradoras e mediante tarxeta de crédito e débito a través de sistemas Terminal Punto de Venda***

O Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, regula a xestión recadatoria dos recursos de natureza pública en desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e das demais leis que establezan aqueles.

Conforme ao artigo 9 do devandito regulamento, poderán actuar como entidades colaboradoras na recadación as entidades de crédito autorizadas por cada Administración, cos requisitos e co contido a que se refire o seu artigo 17. Así, o artigo 12.c) do mesmo regulamento prevé que os ingresos poidan efectuarse nas ditas entidades colaboradoras, o que se desenvolve nos seus artigos 17 a 19 e 29.

A intervención das entidades de crédito na xestión recadatoria non queda limitada, con todo, á súa posible condición de entidades colaboradoras autorizadas nos termos indicados. Así, o Regulamento xeral de recadación tamén prevé a posibilidade de ingresos a través de entidades de crédito que presten o servizo de caixa e de ingresos en contas restrinxidas abertas en entidades de crédito.

En coherencia co anterior, no ámbito autonómico, os artigos 21 e 91 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, prevén a posible recadación dos recursos da Facenda autonómica a través de entidades colaboradoras e en contas restrinxidas.

Por outra banda, o impulso do emprego de medios electrónicos ten sido obxecto de atención tanto na normativa xeral en materia de procedemento administrativo como na específica normativa tributaria.





Co obxecto de simplificar e facilitar o cumprimento das obrigacións de pago dos recursos xestionados pola Atriga, considerase conveniente, xunto á posibilidade de ingreso a través de entidades colaboradoras autorizadas, dar un paso máis no emprego de medios electrónicos posibilitando o pago de débedas utilizando para iso tarxetas de crédito ou de débito, en condicións de comercio electrónico, mediante a implantación dun sistema Terminal Punto de Venda. Esta nova modalidade de pago, xunto co feito de que na actualidade nas delegacións da Axencia Tributaria de Galicia non exista entidade colaboradora que asuma funcións en materia recadatoria conforme o previsto no artigo 2 do Decreto 104/2006, do 22 de xuño, polo que se regula a colaboración das entidades de crédito na recadación dos ingresos xestionados pola Consellería de Economía e Facenda, debido á resolución, de común acordo, dos convenios de colaboración subscritos a tal efecto, xustifican a aprobación dun novo decreto que derroga a aquel e que recolla un réxime actualizado.

A competencia para aprobar o proxecto de decreto examinado correspóndelle ao Consello da Xunta, conforme ó artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia. E a súa proposta correspóndelle, por razón da materia, ao conselleiro de Facenda, de acordo co artigo 34.5 da citada Lei 1/1983 e o artigo 3º do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio foi a competente para a elaboración da norma. Segundo o previsto no artigo 16.2º.l) do Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia, aprobado polo Decreto 202/2012, de 18 de outubro, a proposta normativa elaborouse pola dirección da axencia.

O presente decreto está composto de tres artigos estruturados nun artigo primeiro relativo ao obxecto do decreto, un artigo segundo que regula o pago das débedas tributarias e outros ingresos de dereito público xestionados pola Atriga a través das entidades de crédito colaboradoras na recadación e un terceiro artigo relativo á posibilidade de realizar pagos con tarxeta de débito ou crédito mediante un sistema Terminal Punto de Venda o que requirirá a contratación dos correspondentes servizos e o uso de contas restrinxidas para o ingresos do importes pagados a través deste medio. Conta ademais cunha disposición derogatoria, na que se derroga expresamente o Decreto 104/2006, do 22 de xuño, e tres disposicións derradeiras





a primeira relativa á modificación da Orde do 2 de decembro de 2019, a segunda sobre a habilitación para o desenvolvemento normativo e a terceira sobre a entrada en vigor da norma.

O seu contido adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Por outra banda, resultan cumpridos os trámites necesarios para a súa aprobación, segundo o establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cumpríronse os seguintes trámites:

- 1.- Resolución de aprobación inicial do proxecto normativo.
- 2.- Publicación no Portal de transparencia e Goberno aberto, na páxina web da Xunta de Galicia. Non se presentaron suxestións por esta canle.
- 3.- Trámite de audiencia ás entidades interesadas, que non formularon alegacións.
- 4.- Informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- 5.- Informe da Asesoría Xurídica Xeral. Cómpre indicar que a consecuencia deste informe, modificouse o título inicial da norma e elaborouse unha nova memoria xustificativa e económica.

Constan tamén no expediente un informe xustificativo da ausencia do trámite de consulta pública, así como unha memoria xustificativa da continuación da tramitación do proxecto de decreto, en relación co establecido na disposición adicional 3ª do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.





En virtude do exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de decreto de referencia, por considerar que o texto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade, que o seu rango normativo é o axeitado e que se adapta á legalidade vixente, se ben deberá someterse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia por ditarse en desenvolvemento dunha norma con rango de lei.

Santiago de Compostela,

(asinado dixitalmente)

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

María del Socorro Martín Hierro

